

# Onstopus

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº32/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de xullo/ Estado de Sen tapafuciños

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)

## CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE ONS EN BUEU, DENTRO DO PARQUE NACIONAL.

Sigo insistindo na importancia de crear un Centro de Interpretación de Ons, como integrante do Parque Nacional, en Bueu. Edificios singulares onde albergalo hai, e sería un punto máis de interese cultural para o Concello ao lado do Museo Massó, e os Centros de Interpretación de Agreló e Udra..

Foto: Museo Massó. [bueu.museos.xunta.gal](http://bueu.museos.xunta.gal) Páx. 1



## CENTRO DE VISITANTES (VIII)

### Suxestións VI – IDEAS SOBRE ACTIVIDADES (I)

A primeira idea que xorde para darlle vida a este Centro de Visitantes, é a súa dedicación Científica, organizando eventos culturais de todo tipo ou acollendo a aqueles que, dende outros puntos, queiran desenvolverlos na Illa. Un exemplo témolo no Congreso celebrado entre finais de xuño e principios de xullo de 2021.

Páx. 2



Varios dos articulistas da revista “Os Galos” que o pasado sábado presentaron o nº 15 no Museo Massó. Páx. 5

## SENDEIRO E CENTRO AZUL PARA ONS

Como levamos solicitando dende a saída de Onstopus, Ons debería ter unha praia con distintivo de Bandeira Azul. Aínda que ao Grupo de Goberno de Bueu non lle interesa moito, si podería solicitar un Centro Azul para Ons, debido a que pode cumprir coa normativa que solicitan para telo.

Páx. 1



## PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS.

### Patrimonio da Humanidade

Sen entrar na polémica do Patrimonio da Humanidade para as Illas Cíes en solitario ou xunto ás demais Illas do Parque, si o imos facer sobre o nome que a Xunta lle quere por. Foto: [piratasdenabia.com](http://piratasdenabia.com)

Páx 3



## BREVES (diferentes páxinas)

- Ons na Memoria. 1ª manifestación en Ons.
- Cesáreo amplía o muro da casa.
- Contos de Taberna. “El Chuli”
- Mesas ocupadas mentres van á praia.
- Xantar oficial da comparsa “Vou nun Bou”.
- Diferentes fotos comentadas.

## ONS NA MEMORIA

### PRIMEIRA MANIFESTACIÓN VECIÑAL NA ILLA

Corrían os principios dos anos 90 s. XX e a loita veciñal estaba en pleno auge. Graves problemáticas como o precario tendido eléctrico, un xerador sen potencia, a falla de auga nas casas, sen servizos básicos nin atención sanitaria,..., sumábase que neses anos á Delegación de Agricultura, que xestionaba a Illa, ao carón de poñer moitas pegas e ata chegar a prohibir a rehabilitación das vivendas, se lle deu por quitarlle a casa escola ao mestre que, durante a etapa estival daba clase de recuperación aos nenos aunienses. Todo isto provocou a indignación dos veciños e a primeira manifestación na Illa en contra dunha administración ditatorial e nada dialogante.



### CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ILLA DE ONS EN BUEU. DENTRO DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Como xa tocaba no nº 19 de Onstopus, o concello de Bueu que posúe no seu territorio unha illa pertencente ao único Parque Nacional galego, podería ampliar os seus recursos culturais creando un Centro de Interpretación da Illa de Ons dentro do Parque Nacional, nunha das varias casas emblemáticas que hai no seu municipio totalmente abandonadas e en perigo de desaparición, como é o caso da de Matilde Bares que, segundo podiamos ler na prensa no mes de marzo, atópase nun estado bastante aceptable e sobre a que hai un mes presentaron case 1000 sinaturas para que o concello a merque para algún uso cultural.

Non vou a entrar na polémica que si esta casa é a apropiada ou non, o que si teño claro é que Bueu, cunha importante poboación de aunienses que se viron obrigados a emigrar de Ons nos anos 60-70 do pasado século, verían con bos ollos que, nalgunha casa singular do concello, se montara un Centro de Interpretación sobre a súa Illa, pois a Cultura Popular que alí se formou durante máis de dous séculos, segue sen dárselle a importancia que se merece por parte da administración que xestiona a Illa e o Parque. Coido que, xunto co Museo Massó e o centro de interpretación de Udra, formarían un trío importantísimo para dar a coñecer a importancia cultural do municipio.

Aínda que vai ser difícil, esperemos que este Grupo de Goberno, o estude.

### SENDEIRO E CENTRO AZUL PARA ONS

Os sendeiros azuis son camiños, rutas ou itinerarios que están asociados, atravesan ou saen de praias ou *Centros Interpretativos* con distintivo de Bandeira Azul.

A importancia destes sendeiros e fomentar a conexión entre a rede de sitios con Bandeira Azul e, a través dos cales axudan a poñer en valor espazos naturais e de *interese cultural e patrimonial* próximos a praias ou *centros* con bandeira azul.

O concello de Bueu, ata o de agora, non tivo o menor interese en que, en Ons, houbera unha praia con Bandeira Azul (como Símbolo Ecolóxico e Medioambiental), pero, en Ons, hai un Centro de Visitantes, ou Interpretativo, que está dentro dun concello que ostenta varias praias con Bandeira Azul. Aínda que estas praias están no continente e Ons sexa unha illa, Ons, que eu saiba, pertence ao concello de Bueu, polo tanto, se miramos a normativa para que un Centro de Interpretación sexa, Centro Azul, só ten que estar nun municipio que teña algunha praia con Bandeira Azul, polo tanto, o Centro de Visitantes ou Interpretativo de Ons pode ser *Centro Azul*, e asociado a el pode ter un *Sendeiro Azul*, que podería poñer en valor o riquísimo *Patrimonio Material e Inmaterial* desta Illa.

Que pena que o Grupo de Goberno de Bueu, e a oposición, miren para outro lado.



Penso que a primeira actividade á que tería que facer fronte este Centro de Visitantes é a CIENTÍFICA.

Unha das facetas máis interesante para este Centro sería posuír unha boa BIBLIOTECA e espazo de traballo para que persoas interesadas no estudo de calquera das características da Illa, teñan un lugar para investigación e estudo, á vez de dispoñer de todo o material bibliográfico, documental, teses, vídeos, fotografías, monografías, tratados, publicacións,..., que haxa sobre Ons.

Sería imprescindible que houbera nesa Biblioteca, tanto en forma de fichas como dixital, todo o relacionado coa Illa e que podemos atopar nese espazo. Para iso, o material existente, debería estar perfectamente catalogado, fichado e rexistrado para saber do que dispoñemos e para unha rápida busca e localización do que a persoa investigadora necesite.


O material existente, a ser posible e se se dispón de varios exemplares, debería ser orixinal, pensando en que, no inmoible principal do Parque, no edificio Cambón, terán os mesmos elementos e de todas as illas pertencentes ao Parque Nacional. Se se dá o caso de que só exista un exemplar, ese quedaría no Cambón e se fotocopiariá ou dixitalizaría para que nos diferentes Centros das Illas, neste caso no de Ons, haxa como mínimo un exemplar.

Sería moi relevante posuír neste Centro un espazo de traballo para atraer cara a Ons e en diferentes épocas do ano, a persoas investigadores, estudantes, ..., e á propia Universidade en calquera dos seus campos de estudo; con iso conseguiríase un visitante máis comprometido co medio, co estudo e a protección da Illa. Só habería que poñela en valor e informar aos posibles usuarios da existencia deste recinto e das súas posibilidades de emprego durante o ano.

Paralelamente, o Parque, e segundo os medios dos que dispoña e a importancia das investigacións e tarefas que se vaian realizar, poderá poñer os medios para que estes se realicen adecuadamente.

De novo aquí a importancia dun Técnico motivador e moi implicado en que este Centro e, no caso que nos ocupa, a Biblioteca, funcione adecuadamente e teña todo ben preparado e catalogado, para así poñer a disposición das persoas que soliciten o seu emprego, todo aquilo que necesiten para realizar as tarefas sobre as que pretenden informarse ou pescudar.

O material que tería que posuír esta Biblioteca sería o mínimo, nun primeiro intre, do que dispón calquera biblioteca.



### CESÁREO AMPLÍA O MURO DA SÚA CASA

Aínda non hai moito que escoitaba a certos membros da administración comentar a imposibilidade de que os aunienses construíran as súas casas en tempos pretéritos.

Dicían que se necesitaban certas habilidades para levantar os muros dunha casa e coas precariedades polas que pasaron os aunienses, era bastante difícil que eles as levaran.

Pois aquí vai un exemplo. Cesáreo tiña a necesidade de ampliar o muro da súa casa e evitar que o terreo cedera coas problemáticas meteorolóxicas que pasa a illa no inverno.

Aquí o vemos como armou o aparello preciso e cos cabos e poleas que posúe, está sendo, el só, capaz de erguer pedras que, dende logo, pesan máis ca el ao seus 78 anos.

## CONTOS DE TABERNA


### “EL CHULI”

Ao entrar na taberna notábase un ambiente relaxado. Despois dun verán sen poder xogar ao dominó na mesa da partida por culpa da Covid, xa estaban a poñer ladrillos, coidando, dende logo, as medidas de seguridade impostas. Non había miróns, como era costume, pero cando xa a partida tocaba ao seu fin, chegou Manolo da Illa e canda el, un turista que presumía de ter moi boa relación co mundo da tauromaquia e dos toureiros.

Ao rematar a partida pediron, coma sempre, unha magnun de Rioxa para acompañar a unha fritada de maragota que pescara un mariñeiro auniense preto do Camouco. Invitaron a sentar a Manolo da Illa e ao seu amigo, que pronto entraron en conversa.

O amigo, que lle chamaban “O Peluco”, tan pronto colleu confianza e como bo andaluz, colleu a banca da parolada e non houbo quen lla quitara.

Cando, despois de servir o viño, facer un brinde e dar un bo grollo saboreando o viño, o Peluco comentou unha anécdota que lle acontecera cun famoso toureiro: *“Sabéis como son los toreros, presumidos y con dinero, pero de cultura, na. Mirar como es la cosa que un día que estábamos con el “Chuli”, fuimos a un buen restaurante. Cuando le trajeron la carta de vinos, escogió un Vega Sicilia y le pidió al camarero una gaseosa. Sus acompañantes, con cautela ya que era él el que pagaba, le dijeron: - Pero hombre, Chuli, ¿Cómo pides una gaseosa para un Vega Sicilia? A lo que él contestó: - Sabes que los toreros nos tenemos que cuidar y mucho, y yo, lo que bebo es gaseosa, para estar en forma y no pasarme, por eso, una copa de gaseosa con unas gotas de Vega Sicilia, ¡SABE DIVINO!*



De arriba a abaixo:  
Cortegada, Sálvora e Ons

## PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS.

### Patrimonio da Humanidade

En declaracións á prensa, dende o executivo galego dicían en 2019 que: *“A única posibilidades de que Cíes sexa Patrimonio da Humanidade, é co resto das Illas Atlánticas”*. Non vou ser eu o que entre na polémica, pero o que si parece certo, segundo podemos ler en hemeroteca, que foi Vigo e o seu alcalde quen en 2013 iniciou os trámites pola declaración, en solitario, das súas Illas Cíes, como candidata a Patrimonio da Humanidade. Tamén limos en diferentes foros de opinión, que o alcalde vigués ten fama de bo xestor e, como se empeñe, é capaz de sacalo adiante.

Quizais foi ese o motivo polo que, dende a Xunta, no 2017, comezaron a súa particular Cruzada para que esa teima de Caballero non chegue a bo fin.

Dende o meu punto de vista, non puideron comezar peor. Estou de acordo que se hoxe en día hai catro Illas que forman o único Parque Nacional galego, e é máis lóxico que entre todas aporten as súas importantes características e que sexa todo o Parque Nacional o que ostente esa Declaración.

Pero non sei a que iluminado se lle ocorreu, agás que sexa por buscar enfrontamento co alcalde de Vigo, poñer á Candidatura da Xunta, Cíes diante de Parque Nacional Illas Atlánticas, como nome a propoñer. E aínda peor, que os alcaldes de Bueu e Vilagarcía (o de Sálvora pecha filas co seu partido), non digan nada ao respecto, o que demostra que lles importa un comino dita Candidatura e as súas respectivas Illas: Ons e Cortegada.

Un nome para a Candidatura podería ser: *“Illas Atlánticas, Patrimonio da Humanidade”* e non poñer Cíes diante. Por que Cíes e non Ons, Cortegada ou Sálvora? Todas aportan, e moito, para apoiar esa Candidatura. Ningunha en particular ten que ir de capitana, pois de ser así, eu apoiaría a Ons, por ser a única habitada e que posúe unhas características socio-histórico-etnográficas-naturais que as demais non posúen; ou é que, dende a Xunta só queren valorar ao Parque pola praia de Rodas e á vez dicir que o Parque é moito máis que sol e praia?

Mirar se Ons non é importante, que Caballero se escuda nas xustas protestas veciñais para desprestixiar á candidatura que presenta a Xunta. Sexamos xustos, o nome debería ser: **<PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS, PATRIMONIO DA HUMANIDADE>**

## MESAS OCUPADAS MENTRES VAN Á PRAIA

Despois da boa iniciativa de Parques de poñer mesas de pedra na baixada dende Curro á praia de Area dos Cans, Pineiróns, solicitoulle que puxeran un par de carteis co fin de que as persoas lle dean un uso adecuado, comezando por non deixar as neveiras e as bolsas coa comida enriba delas, ocupándoas mentres van á praia, quedando esa mesa inutilizada durante un tempo que outras persoas poderían utilizar. Á vez non sempre as bolsas que deixan son herméticas e as gaivotas e outros animais, aproveitan a ausencia para intentar abrilas e alimentarse, quedando todo ciscado polo lugar.



## XV CONGRESO INTERNACIONAL DE INVESTIGACIÓN EN RELACIONES PÚBLICAS

Ao fío do que publicábamós en números anteriores sobre os usos do Centro de Visitantes, aquí temos un exemplo, moi interesante, sobre ese tema. É importante contar cun espazo onde poder desenvolver actividades tan atractivas como este Congreso, para iso, o Centro da Illa ten que estar preparado para cumprir ese labor, adecuando a, que chamabamos, Sala de Usos Múltiples, para ese fin.

De non poder albergar a todos os participantes nela, aí debería estar a zona exterior, contando cunha carpa, propia do Parque ou alugada pola tempada de primavera-verán, para as actividades propias do Parque e as que poidan desenvolverse por organismos, asociacións, grupos,...., privados.

Este relevante Congreso, tivo que desenvolverse entre o Centro e a Igrexa, cumprindo perfectamente o seu cometido, aínda que, esperemos que os responsables do Parque tomen boa nota e para anos vindeiros teñamos un lugar e persoal (Técnico Cultural) adecuado para organizar eventos tan importantes como este, na Illa de Ons.

Este Congreso tivo lugar entre os días mércores 30 de xuño ata o 2 de xullo. Segundo o programa, a apertura tivo lugar ás 16 h. do mércores contando co Dr. Iván Puentes Rivera (Director do XV Congreso AIRP). Dr. Antonio Castillo Esparcia (Presidente de AIRP) e o Dr. Jorge Soto Carballo (Vicerrector do Campus de Pontevedra da UVigo).

Ás 16:15 tivo lugar a Conferencia Inaugural (na Igrexa de Ons) a cargo de Dña. Laura Verazzi (Profesora da Universitat Oberta de Catalunya <UOC>), que é especialista en comunicación interna nas novas organizacións. Co título de: "COMUNICACIÓN INTERNA. LO QUE HICIMOS BIEN DURANTE LA PANDEMIA".

As demais charlas e mesas foron desenvolvéndose en horarios de mañá e tarde, entre a Igrexa e o Centro de Visitantes.

Contaron tamén con visitas guiadas pola Illa e unha excursión á Illa de Sálvora.



### Fotos:

*Esquerda arriba:* Cartel do Congreso na Illa

*Esquerda abaixo:* Cartel do Congreso en internet.

*Abaixo esquerda:* Participantes na Igrexa, cumprindo co protocolo Covid.

*Abaixo dereita:* Participantes no Centro de Visitantes.




## XANTAR OFICIAL DA COMPARSA "VOU NUN BOU"

Como era de esperar, a comparsa bueuesa "Vou nun Bou" achegouse ata Ons para celebrar o Xantar de confraternidade que todos os anos realizan na Illa.

Como non ía a ser menos, deleitáronos cunha chea de cancións de anos anteriores, xa que este 2021, por mor da Covid, non se celebrou o Entroido en Bueu.

As actuacións foron seguidas por todos os visitantes que esta fin de semana, a pesar da chuvia, visitaron a Illa.

# OS GALOS



## REVISTA "OS GALOS" 2021

Vén de saír o nº 15 da revista Os Galos na que, entre outros articulistas, colaboro coa 2ª entrega de "Sinistros marítimos nos arredores da Illa de Ons. *Naufraixios menores*".

Nela temos plumas tan interesantes como as de Lino J. Pazos Pérez, Xerardo Desairas Valsa, Arturo Sánchez Cidrás, Humberto Santiago Esperón, Xaime Toxo, ..., entre outros.

Esta publicación da Asociación <Os Galos> é unha actividade de divulgación marítima máis dentro do seu principal obxectivo, como é, a recuperación e mantemento das nosas embarcacións tradicionais.

Desexamos que siga o rumbo marcado e que sigamos gozando dela en anos vindeiros.

Como ocorre coa revista AUNIOS de Pineiróns, tamén podemos lela en [www.bueu.ga](http://www.bueu.ga)

## Sinistros marítimos nos arredores da Illa de Ons (II) "Naufraixios menores"

Celestino Pardellas de Blas

Contan que o ser humano sempre se sentiu fascinado polo Universo e polo Mar. E é ben certo, especialmente polo mar, xa que o tiña preto, máis ao alcance da man. Do mar todo enfeitiza, cativa, asombra, ... Podemos pasar horas e ata días enteiros mirándoo e, de seguro, que nunca nos fartaremos de ollalo nin o imos a atopar xamais igual.

Pero non só é o mar o que fascina ao ser humano, senón todo o que este relacionado con el. Os cantos, as praias, a fauna, flora, a pesca, as embarcacións, ...



Táboa de sinistros marítimos acaecidos na Illa de Ons ou nas súas proximidades.

NOME	DATA	LUGAR	VÍTIMAS
Barco de gran porte	1596	Ons?	Máis de 40
Francés	1604	Ons	1
Brilliant	04-12-1799	Cercanías Ons?	?
- Raposo	?	?	?
- Alcudia	?-?-1801	Cercanías de Ons?	?
Itzaya	1884	Ons	?
San Andrés	18-09-1886	Ons	?
San Juan Bautista	20-11-1893	Ons	5
Manuel	14-05-1894	Ons	1
(Un patache) i	24-10-1900	Ons	1
Carmen	21-01-1918	Proximidades Ons	11
Unión Pesquera	1925	Ons	?
Peptita Sobral	01-03-1928	Melide-Ons	0
Constante	17-10-1930	Melide-Ons	0
Acaña	1-1-1932	Ons - Sábora	19
Conde de Venadillo	16/06/1936	Cercanías de Ons	0
Barsac	09-01-1940	Onza	17
Campes	17-11-1942	Onza	21
María Luísa	10-11-1950	Onza	16
Cíclope	23-10-1952	Onza	7
Santiago Cerviño	18-11-1959	Onza	12
General Moia	23-12-1959	Fretosa-Ons	0
Bella Otero	05-08-1967	Onza	0
Nuevo Marija Costa	31-10-1972	Ons	6
Cordeiro González	30-08-1975	Melide-Ons	0
Soy de Ons	1-07-1979	Laxe do Crego-Ons	0
Nuevo Virgen del Carmen	17-02-1998	Onza	1

\* En escuro, os novos naufraxios que incluímos nesta entrega.

13


Pero se hai algo vinculado co mar que nos marabilla, son os Faros e a vida dos fareiros na súa soidade, sobre todo nas illas. Pero tamén hai aquilo que nos entristece del cando ocorre, pero que á vez nos seduce, como son os Naufraxios.

Na revista Os Galos nº 13 do ano 2019, comezaba o primeiro capítulo sobre este tema, os Naufraxios, coma unha homenaxe aos que perderon a vida neses sinistros ou que experimentaron a perda das súas embarcacións adquiridas con grandes esforzos económicos.

Temos claro que calquera desgraza persoal ou perda acaecida no mar, trae consigo episodios moi dolorosos e que, en moitos casos, vai afectarlles profundamente e levarano presente toda a vida. Con estes artigos só queremos que non queden no esquecemento e que sirvan de terapia para superalo.



Importante limpeza que os traballadores de mantemento do Parque en Ons realizaron nos arredores do lavadoiro de Caño.



Interesantes pezas, case que arqueolóxicas, que deberían conservarse, como é o caso, servindo de xardineira ou para adornar a entrada dalgunha finca ou vivenda.

Cesáreo botándolle unha ollada ao último número da revista AUNIOS na que, polo xeral, soe ser protagonista nalgún dos seus artigos.



Davila, que nos fai sorrir todos os días coas súas viñetas no Faro de Vigo, aproveitou a ocasión de visita a Ons xunto cos seus colegas da Comparsa "Vou nun Bou" de Bueu, para fotografarse co <Gran Maqui>.